

---

## PSICOMOTRICIDADE

---

### **MOTRICIDADE FINA E GROSA. ESQUEMA CORPORAL (2)**

Para esta semana, propoñémosvos máis actividades que complementan e amplían as que se subiron anteriormente á web para traballar a psicomotricidade fina e grosa, así como a representación mental do propio corpo. Nesta ocasión, as tarefas tamén están ordenadas de menor a maior complexidade.

Esperamos que vos gusten!

**Masaxe facial e partes do rostro:** poñer os nosos polgares no centro da fronte do neno/a e movelos á vez cara fóra. Repetir esta acción coas súas meixelas poñendo os nosos dedos a cada lado do nariz. Realizar o mesmo movemento arredor dos beizos e na zona do queixo, do centro cara fóra. Ir nomeando, á vez, as partes da cara que imos tocando (por exemplo: estes son... os teus beizos...) e pararnos tamén a sinalar os ollos, o nariz, as orellas...

**Estimular o volteo:** estando o neno/a boca arriba, estirar suavemente o brazo e a perna sobre os que se vai xirar. Collear a perna do lado contrario e, flexionándoa lixeiramente, axudalo a moverse lentamente para iniciar o volteo asegurándonos de que a cabeza segue o movemento do corpo. Se xa comezou a realizar o movemento por si só, podemos ofrecerlle un xoguete dende un lateral para animalo a collelo volteando.

**Fortalecer a musculatura:** dende a posición de deitado boca arriba collemos as súas mans e axudámolo, pouco a pouco, a ir acadando a posición de sentado. Deste xeito, fortalecemos a musculatura do pescozo e das costas para que sexa capaz de permanecer sentado cos mínimos apoios posibles e de soste mellor a cabeza.

**Alcanzar un obxecto coas mans:** colgar obxectos de cores rechamantes e/ou que produzan diferentes sons ao seu alcance, animándoo a collelos. Levar a súa man ata ese xoguete e axudalo ata que o alcance e o sosteña por si só.

**Buscar o tesouro:** sentarse fronte ao neno/a cun xoguete que lle guste moito e colocar un trapo ou un anaco de tea sobre ese xoguete, de maneira que teña que atopalo levantando ese trapo. Se non se aguanta sentado no chan, podemos poñelo boca abaixo cunha almofada ou coxín grande baixo o addome. Debemos comezar colléndolle a man e guiando os seus movementos para que, pouco a pouco, o faga el só.

Outra variante sería pedirlle ao neno/a que busque, sinale ou traia algún xoguete ou boneco para xogar os dous con el. Se é posible animalo a levantarse, camiñar para collelo, volver con el e sentarse para poder xogar. Deixalo manipular eses obxectos.

**Xogos con plastilina, pasta de sal, slime...:** para estimular o movemento das mans e dos dedos (abrindo e pechando, furgando, arrincando anaquiños, facendo bolas ou

churros...), vixiando que non o leven á boca. Podemos aproveitar para traballar os nomes dos dedos mentres van manipulando o material.

**Localizar as partes do corpo:** o neno/a deberá ir sinalando as partes do corpo polas que o adulto vaia preguntando, recibindo sempre un reforzo positivo ante os acertos. Por exemplo: onde está... a túa nariz? Onde está... a túa boca? Onde están... os teus ollos? Se aínda lle resulta difícil recordalas, convén repasalas previamente: esta é a túa nariz, esta é a túa boca...

Antes, podémoslle contar este conto para que se familiarice co xogo ao mesmo tempo que recordamos as partes da cara:

<https://www.youtube.com/watch?v=TXwV3D6d6yg>

Tamén é unha boca ocasión para continuar repasando todas as partes do corpo que coñeza, empregando o mesmo xogo.


**Xogo do espello:** colocados un fronte ao outro, o rapaz debe imitar os movementos e accións do adulto. Este representará movementos diferentes como sentarse, camiñar, correr, saltar, rodar... e accións cotiás como vestirse, comer, cepillar os dentes... despois poden intercambiarse os roles.

**Atar os cordóns:** para practicalo podemos utilizar o método “As orellas de coello”, empregando dous cordóns de distinta cor para que sexa máis sinxelo. Podedes consultalo en detalle neste enlace:

<https://de.slideshare.net/anabelcor/pasos-para-atar-lmina-a-lmina-copia>

Á hora de traballalo co neno/a, este conto do blog “El sonido de la hierba al crecer” pode axudar a que sigan os pasos dunha maneira máis amena:

**PEQUEÑO CUENTO  
PARA QUE APRENDA A  
ATAR SUS CORDONES**



**1** "Orejitas" es un conejito muy bonito y curioso que una mañana estaba saltando en el campo... ¡Alehop!

Coge un cordón en cada mano, cruzar y tirar para anudar.



**2** De repente escuchó un ruido... Deprisa, escuchó con su gran orejita.

Formar el lazo rosa, sostenerlo con el dedo índice y pulgar



**3** Afortunadamente.... ¡Apareció un gran árbol!

Formar el lazo azul



**4** Deprisa, deprisa.... ¡Él se escondió detrás del árbol!

Cruzar por detrás el lazo azul.



**5** Ufff... Había un agujero justo al lado Alehop ¡"Orejitas" salto dentro!

Pasa el lazo azul por el agujero



**6** Pero el agujero era muy pequeño y sus grandes orejas lo atravesaron...

Tirar muy fuerte de los 2 lazos

vertbaudet